



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A AUTORIDADE PORTUARIA DE A CORUÑA PARA A CESIÓN DE USO E POSTA A DISPOSICIÓN DOS LOCAIS SD01G, SD01N, SD02F E SD02G.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Subdirector xeral de Gardacostas de Galicia da Consellería do Mar

DECLARA:

Que esta Consellería do Mar ten previsto formalizar coa Autoridade Portuaria de A Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de tres anos a contar dende o 27 de febreiro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a cesión de uso e posta á disposición do Servizo de Gardacostas de Galicia dos locais SD01G, SD01N, SD02F E SD02G da Dársena de Oza, para a realización de labores administrativas, vestiario e almacenaxe de materiais e equipos necesarios para o bo funcionamento da Base Operativa de A Coruña.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundméntase no seguinte:

1. Que a Consellería do Mar, a través das unidades do Servizo de Gardacostas de Galicia, desempeña funcións de inspección, prevención e corrección en materia de pesca, marisqueo e acuicultura da zona marítima de Galicia, realizando as actuacións necesarias para a protección dos recursos marítimo-pesqueiros e acuícolas. Así mesmo, ten encomendadas funcións en materia de salvamento marítimo, velando polo cumprimento das normas de seguridade e realizando as actuacións necesarias en materia de loita contra a contaminación mariña accidental.

Para o cumprimento destas funcións, o Servizo de Gardacostas conta cunha Base Operativa en A Coruña, dispoñendo dos medios necesarios, entre os que se atopan, tanto os persoais, como equipamento e embarcacións, cuxo atraque se sitúa dentro das instalacións portuarias.





2. Que a Autoridade Portuaria de A Coruña considera que se trata dunha utilización do dominio público portuario compatible coa normal explotación do porto, de acordo co establecido no apartado 3 do artigo 73 do RDL 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante, o cal dispón que cando sexa precisa a utilización do dominio público portuario polas administracións das comunidades autónomas, ou por calquera organismo ou entidade dependente delas, respecto de aquelas comunidades que prevexan na súa lexislación un réxime similar de utilización de bens demaniais da súa titularidade pola Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos, poderán subscribir o correspondente convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a vinte e dous de marzo de dous mil dezaioito.

Asdo.: Lino Sexto Bermúdez

